



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

O Concello de Redondela, a través da súa corporación, manifesta un ano máis, o seu compromiso coas mulleres, coa defensa dos seus dereitos e coas políticas de igualdade, como instrumento para avanzar cara unha sociedade igualitaria.

Este ano esta conmemoración ven marcada pola pandemia mundial polo COVID-19 que supuxo a adopción de importantes medidas restritivas da mobilidade e da actividade social e económica, que afectaron á vida cotiá de todas as persoas a nivel grupal, familiar e individual, evidenciando que as pandemias afectan de maneira diferentes a mulleres e homes.

A crise orixinada pola pandemia polo COVID-19 é, ante todo, unha crise sanitaria, pero con importantes repercusións negativas na vida familiar, económica e social que afectan especialmente a mulleres e nenas, evidenciando:

- A sobrecarga do traballo sanitario e dos servizos esenciais como comercio de alimentación e servizos de limpeza, no que as mulleres contan cunha ampla presenza.

- Maior precariedade e pobreza laboral, que sitúa ás mulleres nunha situación de desvantaxe tendo presente que teñen unha presenza significativa en algúns dos sectores máis afectados, como comercio, turismo e hostalería.

- A acentuación das tarefas de coidados, que supuxo o incremento de traballo doméstico e de coidado de persoas dependentes a cargo das mulleres, de maneira remunerada e non remunerada.

-A posición das mulleres no ámbito privado no que realizan a maior parte do traballo doméstico, con dificultades de conciliación e falta de corresponsabilidade, ao que debe sumarse o teletraballo. Especial atención ás familias monomarentais encabezadas maioritariamente por mulleres.

-O aumento do risco de violencia de xénero e outros tipos de violencia contra as mulleres derivado da situación de confinamento que obrigou ás vítimas a convivir cos agresores restrinxindo as posibilidades de saír do seu fogar ou de buscar axuda.

Recoñecer o impacto de xénero nas consecuencias desta crise é esencial para a busca dunha resposta eficiente sensible ao xénero centrada nas persoas, que integre ás mulleres na formulación, deseño, aplicación e avaliación de medidas, políticas e programas. Os momentos de crise poden resultar o xermolo preciso para unha transformación social, que neste caso respalde os avances e dereitos conseguidos no eido da igualdade e sirva de base para unha sociedade na que mulleres e homes vivan e se traten en igualdade.

Por este motivo e co obxectivo de celebrar os enormes esforzos que realizan mulleres e nenas en todo o mundo para forxar un futuro máis igualitario e recuperarse da pandemia polo COVID-19, Nacións Unidas nomea o 8 de marzo de 2021 como *Mulleres líderes: Por un futuro igualitario no mundo da COVID-19*.



Con este lema, Nacións Unidas visibiliza a posición das mulleres na primeira liña da crise polo COVID-19 no ámbito laboral, social e familiar e tamén entre as persoas que ocupan postos de decisión das diferentes administracións, pondo de manifesto a importancia fundamental das contribucións das mulleres e as súas habilidades, coñecementos e redes para liderar eficazmente os esforzos de resposta e recuperación desta crise, achegando experiencias, perspectivas e habilidades diferentes, que contribúen de maneira indispensable nas decisións, políticas e leis.

Seguindo esta liña, o Concello de Redondela consciente da realidade social xurdida a causa da crise sanitaria polo COVID-19, dos avances e demandas en políticas de igualdade e das graves discriminacións de xénero e estereotipos de carácter sexista que impiden ás mulleres participar en igualdade de condicións en todos os ámbitos da sociedade, e como esfera de goberno e nivel de intervención máis próximo á cidadanía, dentro do seu ámbito de actuación, celebra o Día Internacional da muller comprometéndose pola igualdade, pola eliminación de situacións, comportamentos e actitudes machistas que atentan contra a metade da poboación e pola visibilización e recoñecemento da conquista das mulleres en cada espazo ou ámbito que conforma a sociedade.

Por todo isto, o Concello de Redondela propón:

- Seguir reclamando medidas e políticas para alcanzar un verdadeiro cambio social no que as mulleres sexan copartícipes.

- Reafirmar o noso compromiso coa cidadanía e coas súas necesidades, coa igualdade de trato e co mandato constitucional que persigue o pleno establecemento dunha igualdade real e efectiva.

- Recoñecer o traballo das mulleres nos sectores considerados esenciais nos que a súa actividade se viu incrementada por mor da pandemia polo COVID-19, por ser o sustento e a base da sociedade e das familias nesta crise.

- Xestionar recursos de titularidade municipal e optar a recursos de titularidade supramunicipal orientados á integración social e laboral das mulleres do concello de



Redondela.

- Empoderar e visibilizar ás mulleres de Redondela a través de accións de sensibilización e de acceso aos recursos dispoñibles no eido da igualdade.

- Fortalecer os servizos públicos municipais de atención e protección á infancia e á mocidade.

- Continuar traballando de maneira unida, coordinada e global con entidades públicas e privadas, axentes sociais e cidadanía pola integración real da igualdade de xénero no concello de Redondela a través de medidas, políticas e programas.

- Continuar coa colaboración e apoio aos colectivos feministas e colectivos de mulleres de Redondela no desenvolvemento de actividades cuxo obxectivo sexa a consecución dunha igualdade real entre mulleres e homes.

- Aplicar a interseccionalidade no deseño, execución e avaliación de medidas e programas “dependentes do Concello de Redondela/de titularidade municipal” como resposta á vulnerabilidade que as mulleres poden sufrir pola idade, diversidade funcional, orientación sexual, etnia ou lugar de procedencia.